

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus>
onstopus.htm

Nº25/ Ano: 2021 / 2º xornal Mes de febreiro/ Segue o Estado calamitoso

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

ONS, UNHA ILLA AGRÍCOLA-MARIÑEIRA (I)

A principios do mes de febreiro saía na prensa galega esta nova: ***“La Xunta planea rehabilitar 2.000 casas en 200 núcleos rurales y convertirlas en “aldeas inteligentes” dotadas de herramientas tecnológicas y soluciones innovadoras que les faciliten el acceso a determinados servicios. La idea del Gobierno gallego es repoblar el rural y para ello impulsará la recuperación de 18.000 hectáreas de tierras abandonadas que se destinarán a la producción de cereal y al cultivo de lino...”***

Chamoume poderosamente a atención, xa que, o que tiña a Xunta que facer ***é evitar*** que o rural se abandone, que as casas queden deshabitadas e os terreos queden a monte. As axudas teñen que vir antes de que iso pase, precisamente, para que non ocorra, e non despois. Iso pasou en Ons, cando necesitaban un porto, trouxeron o Plan Badaxoz e cando os veciños comezaron a súa emigración forzosa cara ao continente, frotaban as mans: ***Por fin queda la Isla para los pajaritos y las plantas.*** Para montar unha nova vida en terra, tiveron que facer grandes esforzos económicos e vender os animais que lles axudaban a traballar as terras.... *Segue*

Páx. 1



RUTAS NOS FOLLETOS DA ILLA DE ONS (II)

Presento dous novos mapas con Rutas a seguir pola Illa, realizados nos anos 1992 e 1993, con diferentes deseños e con máis información sobre as características de Ons.

Páx. 3



LIBROS- de - ONS “Ons, ondas do mar riso”

Interesante libro de Emilio Araújo que fai un percorrido por Ons da man da familia de Emilio e outros veciños da Illa. Esta escrito en forma de verso, pero calcando ao pé da letra, todo, tal como llo contan. Interesante documento etnográfico con magníficas fotos .

Páx. 2

CENTRO DE VISITANTES (V) O SEU FUNCIONAMENTO: PRIMEIROS PASOS

Facemos unha entrega máis sobre o funcionamento deste Centro, tratado sen ánimo de crítica, senón de opinión e busca de alternativas para un mellor aproveitamento deste Centro a nivel cultural.

Páx. 6



HemerONSteca

COLONIA DE VAGOS E MALEANTES

Dende 1934 políticos e asociacións quixeron converter Ons nunha illa para vagos e maleantes e, posteriormente, como zona para a rehabilitación de drogadictos.

O peor é que nunca contaron que Ons era unha illa habitada. Que pensaban facer cos veciños?

Páx. 4



ONS ARQUEOLOXÍA ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (II)

Nesta entrega damos conta dos principais libros que abordaron o tema dos naufraxios e pecios nas augas de Ons.

Páx. 5

BREVES:

-Ons na Memoria: “Cesáreo, sen máis”. Páx. 2

-Caldeiradas nas lareiras da Illa de Ons. Páx.. 2

-Cacharros ilegais para o polbo. Páx. 4

-Salgadoiro de Suxestións: Anxo Cabada. Páx. 5

-Libro: “A pedra de ámbar gris”. Páx. 6



ONS, UNHA ILLA AGRÍCOLA-MARIÑEIRA (I)

Os veciños querían seguir cultivando os terreos, como fixeran sempre, pero as vacas e bois houbo que vendelos, e era impensable o mecanizarse. Só aqueles que eran familia dos restaurantes, que si tiñan tractor, puideron seguir coas súas faenas agrícolas; pero non ían a estar sempre dependendo e debendo favores, polo que deixaron a agricultura, agás pequenas leiras a carón da casa. Estou seguro que si a administración dera facilidades, a agricultura volvería a Ons, pero dende a administración só o **NON** foi a súa palabra e, aínda para máis, viñeron as Concesións e os abusivos IBIS.

Dende Pineiróns, nos Informes que anualmente envían á Consellería e nas Alegacións ao PRUX, estivo e está presente esta reivindicación. Aquí expoño a última enviada no Informe do ano 2019, coa súa Suxestión.

INFORME 2019.

SUXESTIÓNS AO TRAMO 5

Punto 5.4.- Comentario e suxestión 2019. Ons, unha illa agrícola

Dende que se levou a cabo a última poboación, hai xa máis de 200 anos, os habitantes de Ons dedicáronse á agricultura como base económica única, tendo a pesca para autoconsumo. Coa instalación dunha fábrica de salga, paseniñamente ao principio, a pesca foi substituíndo, como sostén económico, á agricultura, aínda que esta seguiu exercéndose en Ons para autoconsumo ata os nosos días.

A agricultura realizábase de xeito manual e coa axuda de vacas e bois que tiraban dos diferentes arados segundo a época. As familias axudábanse entre si e, a carón de deixar os animais e os aparellos de labranza para a sementeira, tamén ían axudar no momento do cultivo e da recolleita.

A medida que a emigración forzosa obrigounos a marchar ao continente (Bueu, Portonovo e Cangas) vendíase o gando vacún, o que provocou que en pouco tempo, pola falla de animais que tiraran do arado, a agricultura se fora abandonando en grandes superficies, quedando relegada a pequenos terreos ao lado da casa que practicaban aqueles veciños que, aínda que con casa no continente, nunca deixaron de ir a Illa continuamente.

Algunhas desas familias posteriormente, se tiñan amizade co dono dalgún dos restaurantes que posuían tractor, buscando un momento, estes axudaban á sementeira mecanicamente.

Xa, nestes tempos, aínda que queiran traballar as súas terras, a administración, a carón de non prestarlle axuda mecánica, púxolle uns impostos que os fixeron desistir da idea. Así trata a administración aos que, cos seus impostos, están a levantar o país.

Aínda que sempre hai excepcións, nos anos 90 s.XX o Delegado de Agricultura de Pontevedra Sr. Zugasti xunto co técnico desa Delegación, o sociólogo Mario Orjales, nunha mesa redonda celebrada en Bueu xunto co Alcalde, veciños, políticos e onde fomos invitados (daquela eramos o Grupo de Acción "Amigos da Illa de Ons), pois ben, o Delegado facía un prognóstico de futuro para Ons e as súas vivendas como un lugar idóneo para un turismo agrícola-mariñeiro (moi parecido ao Rural que estaba a xurdir) onde os veraneantes participarían nas labores do campo (sementeira e recolleita, sacar herbas malas,...) e axudarían na pesca (por exemplo na limpeza de redes, subida da dorna, mantemento de aparellos,..) unha xenial idea que un político auténtico e bo coñecedor da Illa de Ons aportaba para dar solución ao problema veciñal e de vivendas.

Coidamos que neste intre a Administración pode apoiar a idea da agricultura como un xeito de ter a Illa en condicións á vez de que as familias que queiran podan desenvolve-la. Para iso, só hai que poñer vontade de querer axudar. A idea é poñer ao servizo dos veciños que o desexen un tractor para a sementeira e recolleita, iso si, pagando o xornal que se estipule á persoa que o conduciría e o gasóleo empregado no traballo. Logo os traballos de mantemento deses cultivos o farán os veciños pola súa conta.

SUXESTIÓN:

Poderían os veciños volver a realizar traballos agrícolas nas terras da súa Illa. Para conseguilo só ten que poñer a administración os medios técnicos e información sobre prácticas agrícolas ecolóxicas.

Co tempo, se o número de veciños dedicado á agricultura foran moitos, podería chegar-se a mercar un tractor comunal para non depender do da administración, só falta información e asesoría, así como buscar axudas para podelo mercar.

Xa por último neste punto, que haxa unha rebaixa de impostos a todos aqueles veciños que queiran traballar as terras illáns, xa que con iso axudarían a manter unha Illa limpa, á vez de atraer a fauna que, dende a desaparición da agricultura, tamén desapareceu da Illa de Ons.

Fotos: Staffant Mörling e Tino Pardellas



LIBROS- de – ONS “ONS, ondas do mar riso”


Un libro, de Emilio Araújo, especial polo xeito de como está escrito e moi interesante polo seu contido, pois del podemos sacar moitos fíos polos que tirar para mergullarnos no Patrimonio Inmaterial de Ons.

Na páxina: cadernodacritica.wordpress.com/2018/09/07/ons-ondas-do-mar-riso-de-emilio-arauxo/, dentro do blog de Ramón Nicolás, atopamos o seu comentario sobre este libro:

"O traballo do filósofo, fotógrafo, etnógrafo e tradutor Emilio Araújo complétase, desde hai unhas datas, co título ONS. Ondas do mar riso, que publica Toxosoutos. Un libro no que Araújo afonda nesa vontade, amosada en numerosas publicacións previas, de amosar a realidade dun mundo, ou duns mundos, que case xa non son

Nesta ocasión dirixe a súa ollada ás xentes da illa de Ons de quen recolle o seu testemuño oral para dispoñelo nun libro no que a voz narrativa está ausente. Eses discursos son realmente os protagonistas, máis mesmo que as persoas, e que, sospeito, foron recollidos ou gravados, en distintos períodos dos anos noventa. Esas intervencións orais cobran valor e presenza ao articularse nunha disposición poética que, dalgún xeito, posibilita achegarse a eses diálogos –in absentia dun dos intervenientes– coma se fosen monólogos nos que as persoas interpeladas facilitan que recoñezamos a toponimia e a talasonimia que rodea a illa; que cheguemos, dalgún xeito, a compor unha idea do que a illa foi noutro tempo, das relacións consuetudinarias que desde ela se estableceron con particularidades únicas, tamén dese mundo conformado polos labores agrícolas e, como non, mariñeiros aos que as máis das persoas de Ons se dedicaron.

Un valioso testemuño escrito, con múltiples lecturas e acompañado dun corpus fotográfico do autor realmente extraordinario”.



ONS NA MEMORIA. “CESÁREO, sen máis” 1991

Quen, que fose á Illa de Ons, non coñece a Cesáreo. Piloto de Moto GP, carpinteiro de ribeira, mariñeiro, albanel, ebanista, patrón,..., actor, pero, sobre todo, unha gran persoa, humilde, afable, intelixente, sinxelo, cordial, hábil, afectivo,...

Como intérprete, coido que non houbo unha reportaxe que se fixera na Illa, no que Cesáreo non foxe protagonista, como mínimo, secundario, pero, na maioría, primeira figura.


Como mariñeiro, mellor non falar, non hai un recuncho da costa da Illa que el non coñeza. Tan pronto como os peixes, mariscos, cefalópodos e demais bichería mariña, escoitan o seu motor, como antes o seu rítmico vogar, póñense alerta e, como sospeiten que vén en plan de captura, fórmase un rebumbio e un gran desconcerto, saben que están perdidos e que a súa hora está cerca.

Na foto vémolo despois de capturar unha boa peza de congro. Como dicía el no momento de facerlla: “*E este, aínda é pequeno, téñoos collido tan grandes como a dorna. Coma eles!!! E telos que traer a remolque, quen os metía dentro!!!*”


Agora, xa xubilado, vai pescar para autoconsumo, aínda que o del é o **cine**. Na película <Ons> de Alfonso Zarauza, tivo unha interpretación maxistral, facendo sombra a Tosar, Morris, Zahera,..., estando á altura de actores internacionais. Pronto, o seu caché, fará sombra ao de Messi.

CALDEIRADAS NAS LAREIRAS DA ILLA DE ONS


Un elemento interesantísimo da arquitectura popular mariñeira de Ons, eran as lareiras. Importante espazo da cociña, pois nel cociñábase, quentábanse,..., ao seu arredor, nas frías invernías, contábanse contos,... Moitas, ao seu carón, tiñan o pequeno forno, de onde saían saborosas empanadas e exquisitos doces. Nas lareiras, na Noiteboa, facíase un gran lume, logo apartábanse os paus aínda ardendo e sobre a pedra facíase a empanada de polbo. Posteriormente, o pau máis grosso, deixábase todo a noite a arder, xeito de espantar ás meigas.



O mapa empregado, por recomendación de M. Ambiente, foi o mesmo que utilizaron na Ruta do Cormorán, engadíndolle un par de símbolos de interpretación máis SI: Servizo de Información e A: Aula de Natureza, situada onde estaba o Campamento e Campo de Traballo. Como novidade, na parte posterior do folleto, había un mapa da Illa e, sobre el debuxado, os elementos a visitar e visualizar, máis característicos de Ons: Buraco do Inferno, Laxe do Crego, Miradoiros, Fauna, Acampada, Pesca do Polbo, Vivendas,..., debuxo do pintor Grovense Miguel Besada e que causou unha grata sensación pola súa beleza.



Abaixo:
Mapa de Miguel Besada da Illa de Ons e, sobre el debuxados, as máis importantes peculiaridades a visitar e visualizar nunha visita a Ons.



Comunidad Terapéutica en Ons

B.T.

Antonio Sangabriel, primer teniente de alcalde de la Comisión Gestora de Cangas, presentó una moción en el ayuntamiento en la que solicita a la Xunta de Galicia la instalación y puesta en marcha de una Comunidad Terapéutica y de Reinserción Social de drogadictos en la Isla de Ons (Bueu).

El concejal de Esquerda Unida requiere del pleno que se dirija a la Xunta para que el organismo autonómico ponga los medios necesarios "para que una parte, o toda, de la Isla de Ons, sea dedicada a la puesta en marcha de esa Comunidad".

Asimismo, Sangabriel Gago, cree necesaria la instalación de ciertas ramas profesionales para la reinserción de los enfermos, tales como una psifactoría para la cría del rodaballo y una granja para la cría del visón, cultivo de tierras, cría de ganado vacuno o lanar.

Entre las enseñanzas profesionales destaca, igualmente, una Escuela de Capataces Forestales; otra de Formación Profesional; talleres de artesanía y de carpintería, entre otras.

El concejal de EU considera también que el archipiélago podría servir para la rehabilitación y cumplimiento de las condenas a las que son sentenciados los jóvenes por motivos de droga.

Antonio Sangabriel destaca la "insuficiencia de Comunidades Terapéuticas en la provincia de Pontevedra, por lo que esto, unido a la gravedad de este problema en la comarca de Morrazo, hace necesario buscar un lugar idóneo, que puede ser la isla de Ons". Añade que "esto significaría la recuperación de muchos jóvenes".

Erguete pide que se instale en Ons un centro de rehabilitación

B.T.

Cangas

La Asociación de ayuda al toxicómano, Erguete-Cangas, ha presentado al presidente de la Diputación, José Cuiña Crespo, un anteproyecto en el cual se contempla la posibilidad de instalar en una zona específica de la isla de Ons, en el concello de Bueu, un centro de rehabilitación para drogadictos, al frente de los cuales, según se desprende de las informaciones facilitadas por los responsables de la agrupación y en base a las características del estudio previo, se encontrarían personal cualificado de atención y de vigilancia.

Erguete de Cangas, que cuenta con seiscientos cincuenta afiliados, y que pasa por ser la asociación con mayor número de socios en la península del Morrazo, nació en mayo de 1987, y desde entonces procura la atención a todos los jóvenes que se encuentran presos de la lacra de los estupefacientes. De momento, la misión realizada se centra en facilitar contactos y ayudas de cara a la curación.

Ahora, con este anteproyecto, pretenden que la zona más afectada por la drogadicción en la provincia, tenga un centro en la isla de Ons, para facilitar trabajo y ocupación a los jóvenes, de cara a su reinserción social.

PRENSA DE MADRID

"La Libertad"

EL RARO ASUNTO DE LA VENTA DE LA ISLA DE ONS

Madrid. — "La Libertad" denuncia lo que, bajo el título de "affaires", llama "un nuevo asunto de cierto interés". He lo aquí textualmente:

"Uno de los Gobiernos anteriores decidió adquirir la isla de Ons, situada en Galicia, para instalar en ella una colonia de vagos y maleantes. Ya sabemos que, a pesar de la ley, siguen libres por ahí la mayoría de los vagos y la casi totalidad de los maleantes, aplicándose el castigo muchas veces a quienes no son ninguna de las dos cosas. Pero la colonia se va a instalar y la isla no ha sido adquirida.

Pero es el caso que en la "Gaceta" se publicó recientemente la noticia de que se consignaban para dicha adquisición nada menos que 600.000 pesetas y que—según asegura un periódico republicano de Pontevedra, "El País"—el dueño de la isla quería venderla desde hace mucho tiempo—sin encontrar comprador—en 250.000 pesetas.

¿Cómo se explica esa diferencia? ¿Por qué y para qué se pagan esas 350.000 pesetas más?"

EL PUEBLO GALLEGO, 1934

HemerONSteca.

"ONS, COLONIA DE VAGOS E MALEANTES". "CENTRO DE REHABILITACIÓN". "COMUNIDADE TERAPEÚTICA"

Na revista AUNIOS nº 25, Fernando Trigo, no seu artigo "Didio Riobó quixo vender Ons no ano 1934", explica como o Sr. Riobó en 1934, con bos contactos no goberno da nación e co fin, seguindo as súas ideas republicanas, de dar a terra a quen a traballa, buscou un xeito para que Ons pasase a mans dos veciños; sempre e cando, el cobrara o xusto prezo pola Illa, sobre todo, para poder pagar as débedas que tiña. Daquela, pola nova Lei de Reforma Agraria, o Estado podería mercar a Illa e logo pasarlle aos veciños. Pero había que buscar un motivo, o suficientemente aceptable, para poder levalo a cabo. E, ocorréuselle a posibilidade de montar en Ons unha Colonia de Vagos e Maleantes xa que, por Lei, íanse crear en varios puntos de España nese ano de 1934 e Ons podería ser unha delas. Ao final non foi aprobada, pero chama a atención a idea ou pretexto que se buscou, quedando no aire como ía levarse a cabo tendo en conta que Ons tiña unha poboación de máis de 300 almas.

Aínda así esa idea debeu quedar latente pois, 54 anos despois, en 1988, á Asociación de Axuda ao Toxicómano Érguete, ocorreselle a idea de ver a posibilidade de montar en Ons un Centro de Rehabilitación para drogadictos e, un par de anos despois, o concelleiro de Esquerda Unida de Cangas, tamén se uniu á petición e presentou unha moción no concello para solicitar á Xunta a instalación dunha Comunidade Terapéutica e de Reinserción Social de drogadictos.

Ons, a única Illa habitada, cunha comunidade histórica e etnográfica única, estaba no punto de mira de asociacións e políticos para convertela, en que? Non escolleron Cíes cunha poboación mínima, nin Sálvora ou Cortegada baleiras, ou mesmo San Simón que xa contaba con instalacións, non, pensaron en Ons, e aos veciños que lles dean. Menos mal que todo foi unha "inspiración" pasaxeira.

Praia de Pragueira (Noalla-Sanxenxo). Illa de Ons ao fondo. Cacharros aparecidos co temporal. 13/02/2021




CACHARROS ILEGAIS PARA O POLBO

Levamos un inverno cargado de temporais e cicloxéneses explosivas, e non falta un día que deas un paseo pola praia e non te atopes cunha boa cantidade destes prexudiciais aparellos para o polbo. Seica que fan grandes viaxes e que veñen da veciña Portugal, din, por iso atopámoslos nas praias das Rías de Pontevedra e Vigo. Máis hai quen coida que tamén estanse empregando aquí. Ons está enfronte e o polbo é un dos seus recursos principais. Pidamos solucións!!!

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

En relación ao Onstopus 24, no que presentabamos o libro "Maregrafías" de Anxo Cabada. Un lector pásame esta nova que Anxo publicou na súa páxina de Facebook. Grazas Anxo, pola parte que me toca, e a seguir co teu labor cultural, que aínda temos que facer moito traballo en Ons e precisamos da túa valiosa e profesional axuda. Unha aperta.



ONS ARQUEOLÓXICA "ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (II)"

Antes de comezar a analizar os restos arqueolóxicos e os pecios, que gardan as augas que circundan a Illa de Ons, imos nomear a aqueles autores, moitos verdadeiros arqueólogos submarinos, que estiveron investigando estes naufragios e pecios e que, como resultado, saíron publicados uns cantos libros que van axudarnos a realizar estas pequenas notas que só teñen como obxectivo, que estes restos se poidan mergullar, se estuden cientificamente, se busque un xeito de poder conservalos no mellor estado posible e, sobre todo, protexelos. Ao longo do tempo, houbo buzos e grupos de mergullo que andaron á súa procura, non cun fin expoliativo, senón para coñecer a historia marítima das nosas costas que vai paralela a historia terrestre. Estes son os principais libros:

- Lino Pazos Pérez. "Naufragios en las Rías Baixas". Tórculo. 2001
 - Fernando Patricio Cortizo. "Historia da costa galega e os seus naufragios". Xerais. 2004
 - Yago Abilleira Crespo. "Los galeones de Vigo". RP. 2005.
 - M. San Claudio Santa Cruz. "Arqueoloxía subacuática no Parque Nacional". Akassa. 2011
 - Ramón Patiño Gómez. "Naufragios en las costas gallegas". RP. 2015
 - Fernando Patricio Cortizo. "Naufragios y crónica marítima de Galicia hasta 1899". Cartamar. 2016
- Grazas a estes autores e aos datos que puiden ir recompilando dos veciños de Ons, irei, en sucesivas entregas, debullando o pouco estudado da arqueoloxía subacuática da contorna da Illa de Ons.

CONTOS DE TABERNA

"O PIRATA"

Era o mes de abril. Ía a comezar a Semana Santa e os Pineiróns xa tiñan editada a súa revista AUNIOS. Tinón levava unhas cantas para repartir entre os veciños e, alí estaban, na mesa da partida, ollándoa, mirando sobre todo as fotos da illa e dos illáns. Había un artigo de Ramón Patiño que falaba das incursións piratas polas proximidades de Ons e, ao velo, Antonio comentou: - *Aquí tamén temos un pirata e tamén houbo un en Melide, un Camaweí, que lle chamaban Pirata.*

Foi entón cando comezou a conversa sobre piratas. Nun momento da charla, Manolo da Illa, dixo:- *O meu avó, aínda que xa sei que son contos dos vellos de antes, contoume que un día o seu pai, estando na taberna de Riobó, a que agora é de Checho, viron como chegaba un galeón ao peirao. Como non era cousa de ver todos os días, saíron fóra para observar quen viña nel ou que traería á Illa. Viron como saltaron dous homes para amarrar o barco e, logo dun tempo, baixou un home, de grande estatura, que parecía que coxeaba dunha perna, ou algo raro albiscaban no seu andar. A medida que se achegaban polo peirao, comprobaron que o seu coxear era debido a que tiña unha perna de pau. Canto máis ía achegándose á costa para subir cara a Curro, advertiron que tiña un garfo onde debería estar a man e, ata tamén, un parche no ollo. O que poderíamos dicir, o aspecto dun Pirata auténtico.*

Subida a costa, dirixíronse ao bar e entraron. Os veciños, que aínda estaban fóra a ver que acontecía, entraron case á par deles. En pouco, o home-pirata, despois de pedir cervexa para todos, comezou unha conversa cos veciños que, aínda un pouco atordados, non dubidaron en darlle charla, por se acaso e por saber.

Cando xa había unha confianza, un deles, sempre houbo en Ons un Manolo ou Pepe da Illa, atreveuse a preguntar pola súa fasquí. O home díxolle: - Non son un pirata, que supoño que é o que estades pensando. Mentres nos preparan unha caldeirada de polbo, cóntovos. Despois dunha boa marea que tiven no Gran Sol, fun pasar uns días a Hawai. Animeime a facer surf e, case sen darme conta, atopeime rodeado de quenllas. Co medo, perdín o equilibrio e caín ao mar e, cando quixen subir de novo á táboa, un dos escualos arrancoume dun bocado a perna á altura do xeonllo. Curáronme e decidiron poñerme unha perna de pao. Despois cando volvera a Galicia, xa vería o que facía. Gustoume e deixeiña. O do garfo foi andando nas Malvinas ao calamar, enganhoume unha das máquinas de alar e levoume a man case sen decatarme. Menos mal que estabamos preto da costa e puideron socorrerme a tempo, senón non estaba aquí con vós contándoo. Decidiron tamén poñerme un garfo porque así daríame máis xeito para seguir traballando no mar.

O home-pirata parou de contar. Un da Illa, o máis agudo que sempre os houbo, preguntoulle: - *E o ollo, como o perdeu?* Co único que lle quedaba, fitou para el e díxolle: - *Cousas da vida. Estaba na casa, viña de facer os exercicios co garfo para adaptarme a el e, cando estaba sentado na cadeira para o xantar, veume unha picazón de ollo horrible, insoportable...*

O illán que preguntara, quedou esperando, e como non seguía contando, preguntoulle de novo: - *E que pasou?* - Pois co enorme picor, esquecinme que había dous días que me puxeran o garfo na man!!!





Fotos de arriba abaixo:
-Sala de Proxección.
-Patio exterior grande.
-Paneis interactivos.
-Dorna polbeira no exterior patio grande.

CENTRO DE VISITANTES (V) O SEU FUNCIONAMENTO: Primeiros pasos

Neste próximo mes de xullo (2021) o Centro de Visitantes de Ons estará de aniversario, nada menos que 10 anos de contribución a dar a coñecer as características desta Illa. Podemos dicir, sen embargo, que nesta década de andaina tivo un funcionamento desigual. Esta variabilidade non ten unha temporalización exacta, xa que houbo altos e baixos, pero, quitando o ano 2020 que, por mor da pandemia, o seu aproveitamento e visita foi desaconsellada, non tivo, como debería ser, un funcionamento ascendente co paso dos anos no obxectivo de mellorar a súa xestión e o seu labor cultural.

A súa estrea era un momento moi esperado. Levábase pedindo un Museo ou Centro Cultural para Ons dende hai moitos anos. Xa Fernando Alonso Romero solicitábo ao Icona a principios dos anos 80 s.XX, por iso a súa apertura constituía todo un acontecemento despois de anos reivindicándoo.


Ao principio o seu discorrer foi bo. As salas, aínda que mellorables, reflectían a realidade illán coa súa historia, os aspectos biolóxicos e medio ambientais con paneis interactivos, modulo con vídeo, e varias estancias dedicadas a temas etnográficos e sobre a vida en Ons. Posuía unha sala de proxección onde se expoñían, case de continuo, imaxes do Parque Nacional en xeral. Contaba cun/ha guía do Parque que daba todo tipo de explicacións ás cuestións e preguntas que lle formularan os visitantes. Nun dos dous patios exteriores, incluía a exposición do símbolo económico e etnográfico da Illa, unha dorna polbeira. Á vez, neses espazos externos, poderíanse realizar todo tipo de actividades ao aire libre, aínda que foron moi escasas. O seu horario era apropiado, abrindo de mañá e tarde, permanecendo pechado dous días á semana, luns e martes. Rematada a xornada había unha boa limpeza e mantemento do espazo e material alí exposto.

Podemos dicir que foi un comezo correcto, tendo en conta que emprendía o seu andar. Despois, a medida que pasara o tempo, miráranse os defectos e as súas posibles solucións e melloras, e íranse acometendo.

Pasado este primeiro lance, que sempre é difícil, deberían vir etapas mellores baseadas na experiencia que dá o levar un tempo funcionando e, sobre todo, contando cun equipo profesional de guías que irían informando da marcha do Centro e dando ideas para a súa mellora. Non obstante, coido que pola falla de interese dende os responsables da Consellaría e a escaseza de presuposto, trouxo unha relaxación. Ao Centro faltáballe vida, carecía de actividades, faltaba persoal que levara a cabo ideas e máis tarefas a ofertar,...., estaba claro que unha persoa soa ao fronte do Centro non podería atender ao dinamismo que debería ter ese espazo cultural.

Á vez xurdiron cambios no funcionamento en varias salas que, penso, provocaron un cambio importante do que pensabamos debería ofertar este Centro de Visitantes.

Analizarémolo en seguintes entregas.



“A PEDRA DE ÁMBAR GRIS”

Como ocorreu no anterior número de Onstopus, xusto no intre que estaba a darlle remate a este nº 25, lía no Faro a nova do xurdir deste libro de autoría de Noa Pérez González, que transcorre na bisbarra do Morrazo e onde, de novo, a Illa de Ons aparece coa lenda do Buraco do Inferno. A súa sinopse é: *Hoxe en ruínas, a factoría baleeira de Massó viviu unha época de intensa actividade. As súas conservas eran coñecidas en toda Europa e tamén en América. Baseándose na fascinante historia deste emporio, a autora traza un relato de ficción, de longo alento, onde se entrecruzan as vidas de varios dos seus protagonistas, tendo como pano de fondo o ascenso e caída da actividade baleeira en Galicia.* É interesante comprobar como, dende a administración, Ons déixase de lado e, sen embargo e cada vez máis, é parte integrante do fondo de numerosas novelas, contos,...., e libros en xeral.



Benito Patiño e o seu fillo Carlos, dous illáns, grandes amigos e lectores de Onstopus.